

CONVOCATORIA 2023/2024

Mobilidade estudantes ENSINANZAS SUPERIORES de DESEÑO DE INTERIORES

Bases da convocatoria

A presente convocatoria establece o prazo e procedemento para a presentación de solicitudes de participación nun programa intensivo combinado (BIP polas suas siglas en inglés) que se engloba nunha nova acción de mobilidade do programa Erasmus +, Programas Intensivos Combinados, cuxo propósito é aunar aprendizaxe e traballo en equipo en liña cunha mobilidade de corta duración.

Este programa desenvólvese grazas á aprobación por parte da Comisión Europea das Mobilidades de estudantes e persoal entre países do programa e asociados polo Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE).

Durante os programas intensivos combinados, os estudantes realizan unha mobilidade física de corta duración (5 días) no estranxeiro en combinación cun compoñente virtual obrigatorio que facilite o intercambio educativo colaborativo en liña e traballo en equipo. O compoñente virtual debe reunir en liña aos participantes para que traballen de maneira colectiva e simultánea en tarefas específicas integradas no programa intensivo combinado que contan de cara aos resultados de aprendizaxe globais.

Destino e prazas

Se convocan un total de **10** prazas para participar no seguinte programa intensivo combinado: **URBAN GREEN SPACE PLANNING** - Accademia di belli arti de Macerata (I MACERATO2). A descrición do BIP e do programa pódese consultar no anexo 1 desta convocatoria.

Será necesaria a participación dun mínimo de 5 alumnos para que se poda levar a cabo o BIP.

Recoñecemento académico

A participación no BIP con avaliación positiva será obxecto de recoñecemento de 3 créditos no expediente académico do alumnado.

Requisitos dos solicitantes

Serán candidatos a participar no Programa BIP de Erasmus+ os alumnos da Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso que cumpran os seguintes requisitos:

- No ter esgotado o máximo de doce meses en convocatorias Erasmus anteriores (na EASD Pablo Picasso ou noutro centro educativo) en mobilidades de estudos e/ou prácticas.
- Estar matriculado no centro, no momento de cursar a solicitude, na materia optativa de XARDINERÍA de 3º curso das Ensinanzas superiores de Deseño de interiores.

Procedemento da solicitude

Os alumnos interesados enviarán dentro do prazo establecido os seguintes documentos:

- Formulario de solicitude debidamente cumprimentado.
- Documentación necesaria no caso de alegar méritos.
- O expediente académico incorporárase de oficio na secretaría da Escola ao presentar a solicitude de participación. Só se valorará o expediente académico correspondente aos estudos realizados, na especialidade pola que se aspira, ata o momento en que se leve a cabo o proceso de selección.

A presentación da solicitude implicará para o estudante coñecer e aceptar o contido da presente convocatoria e da normativa.

Presentación y prazo de solicitude

Através do mail a coordinadora de programas internacionais da EASD Pablo Picasso (milasanchez@edu.xunta.es) **do 26 de Xuño ao 07 de Xullo de 2023**

Información adicional

Coordinadora de Programas Internacionais: Milagros Sánchez Landeira

Na páxina oficial do “Servicio Español Para la Internacionalización de la Educación (SEPIE)” pódese consultar toda a normativa e información de interese sobre o programa Erasmus+.

Adxudicación de becas

A Comisión de valoración Erasmus+ da EASD Pablo Picasso determinará o número de mobilidades que se concederán.

Unha vez asignado o número de mobilidades, darase a coñecer na na páxina web da Escola.

Criterios de selección do alumnado.

A selección do alumnado candidato realizarase nunha reunión da comisión de valoración, formada polos xefe de departamento de EESS de deseño de interiores, a coordinadora de programas internacionais, o xefe de estudos e a directora de la EASD.

A adxudicación de prazas farase de acordo cos seguintes criterios:

1 Prioridades dos aspirantes

1.1 Terá preferencia o alumnado que non participase no programa Erasmus anteriormente. No marco do Programa Erasmus+ permítese aos estudantes realizar varias estancias Erasmus de estudos e /ou prácticas, sempre que sumadas non superen doce meses.

2 Méritos académicos

2.1 Expediente académico. Nota media do expediente académico do alumno (Puntuación máxima: 10,00 puntos).

Os expedientes académicos obteranse pola Oficina de Programas Internacionais a través dos rexistros informáticos da EASD Pablo Picasso, polo que non haberá que presentar documentación algunha neste sentido.

2.2 Coñecemento de idiomas. O nivel de inglés e/ou italiano acreditado terá a seguinte puntuación de acordo co Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas: Ensino, Aprendizaxe, Avaliación:

NIVEL	PUNTUACIÓN
B2	4,00
C1	5,00
C2	6,00

Puntuación máxima: 6,00 puntos.

Unha vez feita a selección, publicarase no taboleiro de anuncios de programas internacionais, así como na web.

Establecese un prazo de dous días lectivos, contados a partir do día seguinte á data de publicación, para facer reclamacións ante a Dirección. A comisión de valoración resolverá ditas reclamacións no prazo de cinco días lectivos.

Renuncias

En caso de renuncia á beca Erasmus+ concedida, esta deberá ser presentada por escrito á coordinadora de programas internacionais.

Se un estudante renuncia á súa beca, sen unha causa xustificada, pasará a ocupar o último lugar na lista de adxudicacións en futuras convocatorias.

Apoio lingüístico

A Comisión Europea ten en marcha un servizo de apoio lingüístico en liña (OLS) para contribuír a alcanzar os obxectivos do Programa mediante o progreso lingüístico dos participantes. O uso do OLS no terá ningún custe para os estudantes.

O apoio lingüístico en liña (OLS), inclúe dúas facetas: a avaliación obrigatoria das competencias lingüísticas e os cursos opcionais do idioma en cuestión.

Os adxudicatarios recibirán a través da EASD as instrucións para facer a proba de avaliación e os cursos. Se un estudante non realizara a avaliación, non poderá comezar a mobilidade adxudicada.

Os estudantes adxudicatarios deberán cumprir calquera outra indicación ou disposición establecida pola AN para a presente convocatoria.

Axuda económica e pagamentos

A financiación está limitada á adxudicada na resolución da AN e corresponde a

-Axuda por alumno: 490 euros

-Axuda por alumno que teña sido beneficiario dunha beca do MECD no curso 22-23: 865 euros.

O abono realizarase en dous pagamentos.

Nos 10 días naturais posteriores á firma do convenio de subvención, realizarase un primeiro pagamento equivalente ao 80% do importe total. O envío do cuestionario UE (informe final) considerarase como a solicitude do estudante do segundo pagamento equivalente ao 20% do total da axuda financeira. Este non se fará efectivo ata recibir o resto da documentación xustificativa requirida nesta convocatoria.

O incumprimento dos trámites e prazos establecidos na presente convocatoria poderá derivar na perda da condición de estudante Erasmus+, o que leva a devolución total da axuda, a falta de recoñecemento académico e o regreso á institución de orixe.

A EASD contratará un seguro de asistencia médica, accidentes e responsabilidade civil para cada alumno.

Xestión dos alumnos seleccionados

Unha vez seleccionado como beneficiario da mobilidade Erasmus+ da EASD PABLO PICASSO DE A CORUÑA, para a participación no BIP, débense realizar unha serie de trámites dos que se derivan certas obrigas ás que queda suxeito o becario Erasmus+ e que se detallan deseguido:

TRÁMITES PREVIOS Á PARTIDA HACIA A INSTITUCIÓN DE DESTINO

- 1- O alumno cumprimentará un acordo de aprendizaxe no que constará o programa e créditos do BIP. É un requisito imprescindible que dito documento conte co visto e prace do xefe de departamento e do profesor/a da disciplina Xardinería
- 2- Antes da súa partida o estudante xestionara a súa viaxe, aloxamento, e realizará calquera outra xestión necesaria para garantir a súa permanencia no destino durante o período indicado no convenio (incluíndo a xestión de trámites de visado/permiso de estancia no país de destino e en España para os estudantes non nacionais da UE).
- 3- Apoio lingüístico online: Todos os estudantes seleccionados deberán realizar unha proba de nivel.
- 4- Como requisito previo, o alumno debe realizar a súa matrícula na EASD PABLO PICASSO DE A CORUÑA para o curso 2023/2024, onde conste a disciplina de Xardinería segundo o procedemento e os prazos que se sinalen para elo.

A axuda Erasmus é compatible coa beca que concede o MECD.

DOCUMENTACIÓN ERASMUS

TRÁMITES PREVIOS A ESTANCIA NO CENTRO DE ACOLLIDA

Nunha reunión convocada a tal efecto pola coordinadora de Programas Internacionais, os alumnos recollerán e/ou cumprimentarán os seguintes documentos:

1.1 Carta do Estudante Erasmus

A Carta del estudante Erasmus+ aplicase aos estudantes que cumpren os criterios de admisión Erasmus+ e que foron seleccionados pola súa institución para realizar un período

de estudos noutro país europeo, nunha institución asociada.

Neste documento recóllense os dereitos e obrigas dos estudantes Erasmus.

1.2 Compromiso do becario

Mediante este documento, o estudante comprométese a cumprir as normas e bases establecidas no programa.

1.3 Documento de datos pessoais e bancarios

Nel recóllese a información necesaria para o abonamento da beca. Xunto a este documento deberá entregarse o documento CCC (Documento de Código Conta cliente que se poderá solicitar nas respectivas oficinas bancarias de cada beneficiario). O beneficiario da beca debe ser titular ou cotitular da conta bancaria que se presente.

1.4 Convenio entre a EASD Pablo Picasso e o Estudante

Este documento, esixido pola Axencia Nacional ERASMUS e pola Comisión Europea, ten por obxecto determinar as obrigas das partes na administración de fondos comunitarios. Deberá estar asinado polo beneficiario e pola dirección EASD Pablo Picasso . (Por duplicado).

1.5 Declaración Xurada

Declaración xurada de non estar suxeito en ningunha das causas de prohibición do artigo 13 de la Lei 38 /2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

1.6 Credencial de becario

Co fin de certificar a súa condición de estudante ERASMUS+, deberá presentar, si así lle fose solicitado polo centro de acollida, unha copia de dita credencial que lle será entregada pola Escola.

Outros documentos.

Ademais do especificado anteriormente, o estudante deberá estar en posesión dos seguintes documentos:

- Documento Nacional de Identidade ou Pasaporte en vigor.

- Tarxeta Sanitaria Europea en vigor.

Máis información sobre a tarxeta e sobre cómo obtela en <http://ec.europa.eu/social/main.jsp?catId=559>.

2. TRÁMITES DURANTE A ESTANCIA NO CENTRO DE ACOLLIDA

Durante a estancia no centro de acollida, o estudante deberá levar acabo os seguintes trámites:

2.1 Certificado de chegada

Co fin de certificar a incorporación ao centro de destino, deberá cumprimentar este documento e solicitar que sexa selado e asinado polo responsable no centro de acollida, e remitilo, por correo electrónico á coordinadora de programas internacionais. A recepción deste documento, en tempo e forma, é absolutamente imprescindible. O orixinal deste impreso será conservado durante todo o período ERASMUS e ao finalizar a estancia no centro de acollida, deberá ser entregado á coordinadora de Programas Internacionais da EASD Pablo Picasso.

3. TRÁMITES AO FINALIZAR A ESTANCIA NO CENTRO DE ACOLLIDA.

3.1 Certificado de estancia

Firmado e selado polo Coordinador ou a persoa designada ao efecto na institución de acollida, entregarase o impreso orixinal -non serán válidas as copias- á coordinadora de Programas Internacionais da EASD Pablo Picasso. Este documento expresa e certifica a duración real de estancia no centro de acollida e é imprescindible para percibir o último prazo da beca.

A Axencia Nacional establece un rixido control sobre este documento polo que se deberá prestar especial atención á hora de cumprimentalo.

Con este documento o estudante acredita a duración real da súa estancia Erasmus, polo que deberá comprobar o certificado no intre de recollelo e antes de entregalo para estar seguro da súa corrección. Calquera erro no mesmo pode ocasionar consecuencias graves cuxa responsabilidade recaerá no propio estudante.

Non se considerarán válidos os certificados:

- que teñan correccións;
- con información incompleta;
- nos que a data de realización do certificado sexa anterior á de finalización da estancia.

Deberá entregarse á Coordinadora de Programas Internacionais da EASD Pablo Picasso.

Data de entrega: Inmediatamente finalizada a súa estancia na institución estranxeira.

3.2 Transcript of Records ou Certificado de Estudos

No acordo de aprendizaxe figura o apartado AFTER MOBILITY que será cumprimentado e selado polo centro de acollida. É recomendable, co fin de no dilatar o recoñecemento de estudos, que o estudante regrese á Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso de A Coruña co documento e entregalo á dirección da EASD Pablo Picasso para proceder ao seu recoñecemento académico.

3.3 Informe final do estudante

O estudante recibirá un correo electrónico antes da finalización da súa mobilidade. Por elo é importante que identifique ao remitente como seguro e que é un correo que desexa recibir, introducindo a dirección: replies-will-be-discarded@ec.europa.eu nos seus contactos e que revise a carpeta de correo non desexado para verificar que non se teña desviado ningunha comunicación importante a esa carpeta. A coordinadora de programas internacionais deberá ter constancia do envío do cuestionario no momento de presentar a documentación requirida.

3.4 Memoria do participante

Cada estudante deberá realizar unha memoria da súa experiencia a nivel académico, profesional, lingüístico, cultural, etc. Que enviarán a coordinadora de programas internacionais nos 15 días seguintes a súa chegada.

Ditas memorias se publicarán na web da EASD e quedarán arquivadas para posteriores actividades: charlas, presentacións dos alumnos, información sobre os centros de destino, etc.

O estudante que non cumpra as súas obrigas académicas na Institución de acollida (previo informe negativo do coordinador de programas internacionais e o centro de destino) deberá realizar a DEVOLUCIÓN ÍNTEGRA das axudas recibidas.

ANEXO 1

Características dos programas intensivos combinados (Blended Intensive Programme - BIP)

Os programas intensivos combinados se enmarcan no programa Erasmus+, no seu capítulo relativo a mobilidade internacional dos estudantes e persoal na educación superior, acción clave KA131. Consisten en programas intensivos de corta duración que utilizan métodos innovadores de aprendizaxe e ensinanza, incluído o uso da cooperación en liña. Os programas poden incluír aprendizaxe baseado en retos, nos que equipos transnacionais e transdisciplinares traballan xuntos para resolver desafíos.

Durante estes programas intensivos combinados, os estudantes realizan unha mobilidade física de corta duración (5 días) no estranxeiro en combinación cun compoñente virtual obrigatorio que facilite o intercambio educativo colaborativo en liña e o traballo en equipo. O compoñente virtual debe reunir en liña aos participantes para que traballen de maneira colectiva e simultánea en tarefas específicas integradas no programa que contan cara aos resultados de aprendizaxe globais.

Programa intensivo combinado: URBAN GREEN SPACE PLANNING

Este Programa Intensivo combinado está organizado pola **Accademia di Belli Arti de Macerata** pola Prof. Silvia Battistoni, docente de Metodoloxía del Diseño y Diseño del Territorio.

Misión: Un taller internacional que, a través de encontros virtuais e unha semana de trabalo intensivo presencial, dota aos participantes de habilidades organizativas e de deseño específicas aplicadas ao estudo e implementación de espazos verdes urbanos.

A través do intercambio de habilidades e o traballo en sinerxia, queremos consolidar as habilidades técnicas e artísticas dos estudantes no deseño de áreas verdes, para crear composicións armoniosas e fascinantes e ubicalas nun contexto vivo e natural. Buscar solucións eficaces e adecuadas que podan modelar a paisaxe con elegancia e cunha atención constante a tradición e as novas tendencias, que teñan en conta os elementos que caracterizan o entorno a deseñar, a historia da arquitectura e a arte (historia do xardín), os elementos de decoración, a exaltación dos elementos sensoriais: luz de sombra, olores, cores, cores de temporada. A través dun proxecto persoal esbozado, os participantes chegarán gradualmente ao deseño dun espazo verde adicado a cidade, dende a concepción ata a redacción dun concepto de proxecto final.

Estrutura: 40 horas presencias en 5 días (8 horas/día) do **18 ao 22 de setembro de 2023** na Academia de Belli Arti de Macerata +36 horas online.

Requisitos previos:

Os estudantes participantes deben ser capaces de utilizar as seguintes ferramentas para a correcta execución do proxecto: Autocad (o Archicad), Photoshop, Illustrator.

Módulos do curso:

- Historia e cultura do deseño verde urbano.
- Evolución histórica do concepto de deseño verde
- Elementos de fisioloxía vexetal, botánica, ecoloxía vexetal e recoñecemento de plantas
- Exercicios prácticos do taller de deseño

Idioma

O curso se impartirá principalmente en inglés. Poderíase usar algo de italiano, e se fose necesario, se ofrecerá algunha interpretación ou tradución.